

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

Escrebe con axuda, textos moi sinxelos: notas, listas, contos...

Utiliza regras ortográficas e signos de puntuación (maiúscula e punto final)

Amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordeado.

MATEMÁTICAS

Coñece os números naturais ata o 79 e a súa grafía.

Fai cálculos de sumas e restas sen levadas.

Resolve problemas sinxelos.

Fai estimacións de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos...) en contextos familiares.

CIENCIAS SOCIAIS

A contorna física: observa e recoñece as características principais.

Aire e agua. Estuda as súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través dos sentidos. A importancia para a vida e consumos responsables.

CIENCIAS NATURAIS

Coñece as características dos seres vivos: plantas e animais.

Identifica as partes do corpo humano.

Relaciona a alimentación, o exercicio físico, hábitos de hixiene e tempo de lecer coa vida saudable.

LINGUA ESTRANXEIRA

Utiliza as normas de cortesía: saúdos, despedidas.

Recoñece e reproduce seguindo un modelo vocabulario e frases sinxelas relacionadas coa súa imaxe e vida cotiá expresando o seu nome, idade, días da semana, tempo atmosférico, posesión, gustos, estados de ánimo, tamaños e festividades.

Nomea seguindo un modelo algúns membros da familia, obxectos da aula, as partes do corpo, animais, alimentos, os xoguetes.

Recoñece os números ata 10 e identifica as cores.

RELIXIÓN

Recoñece algúns textos bíblicos que sinalan ó amor do Pai Deus por todos nós.

Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa.

Descubre como Xesús cos seus feitos e palabras nos ensina a amar, axudar aos demais e a mellorar o mundo.

Coñece que é unha familia e que é unha comunidade cristiá.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Desenvolve e expresa unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.

Mostra unha actitude responsable e respectuosa cara a si mesmo e cara aos demais e respecta as normas de convivencia.

Controla e expresa emocións comunicándose axeitadamente.

Mostra unha boa disposición nas actividades grupais e busca solución aos conflitos de forma reflexiva e democrática.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA	
Plástica	
Usa de diferentes formas, texturas e cores nas producións.	
Elabora debuxos, pinturas, colaxes, ilustracións, volumes, etc.	
Música	
Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	
Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	
Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (líneas e espazos), clave de sol, branca e negra.	
EDUCACIÓN FÍSICA	
Adoita as medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.	
Toma parte con interese en calquera tipo de xogos, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.	
Participa activamente en todas as actividades propostas, aceptando a todos os seus compañeiros/as sen discriminar a ningún.	
Realiza lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen manexo de obxectos coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.	
É capaz de executar desprazamentos, saltos e xiros combinados.	
Utiliza axeitadamente os espazos e os materiais cos que se desenvolve a actividade física.	
Colabora activamente no desenvolvemento dos xogos de grupo, amosando unha actitude de aceptación e de superación ante posibles frustracións que se poidan producir.	

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
Avaliación	Procedementos e instrumentos: Traballos individuais de investigación. Resolución de exercicios. Respostas a preguntas ou cuestións. Recollida de tarefas do alumnado. Uso de aplicacións informáticas
Cualificación	A nota final calcularase a partir das avaliacións anteriores tendo en conta de que en primaria a avaliación é continua. En función das tarefas presentadas polo alumnado neste trimestre poderase subir ata 1 punto a nota.